



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 18 DE MAIO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00021032E.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas das seguintes sesións:

- Ordinaria de data 12 de abril de 2021.
- Extraordinaria e urxente de data 16 de abril de 2021.
- Ordinaria de data 19 de abril de 2021.
- Ordinaria de 26 de abril de 2021.
- Ordinaria de 3 de maio de 2021.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1185/2018.

Rexeitar recurso de reposición.

Acórdase rexeitar o recurso de reposición interposto por unha persoa particular contra o acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 19 de outubro de 2020, que acordou levantar a suspensión da tramitación do expediente de legalización dun almacén agrícola; ao non desvirtuar as súas alegacións os fundamentos fácticos e xurídicos do acordo recurrido, que se manteñen en todos os seus termos.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/792/2018.

Modificación de licenza de obra maior.

Acórdase CONCEDER a modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela na sesión do 30 de decembro de 2019, segundo o ANEXO 2 do PROYECTO BÁSICO DE REHABILITACIÓN PARA VIVIENDA FAMILIAR en AVDA. DE RAXOI, presentado na data 08/02/2021. Manteranse o resto das condicións da licenza no seu día concedida.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1388/2020.

Licenza de obra maior.

Acordase:

- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe da arquitecta municipal de data 30/04/2021 solicitada pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS HOME SANTO 57 para REHABILITACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE do edificio situado na RÚA HOME SANTO
- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral de Patrimonio Cultural e o Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

- CONCEDER á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS HOME SANTO 57, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 09/07/2020 e a documentación a presentada o 20/04/2021, a REHABILITACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE do edificio situado na RÚA HOME SANTO (DO) 57 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), cun orzamento de execución material de 87.998,53 euros.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/16/2020.

Iniciar un expediente por incumprimento de contrato, con causa na demora acumulada na execución das obras de reparación do muro entre as rúas París e Luxemburgo en Fontiñas

Acórdase iniciar un expediente por incumprimento de contrato, con causa na demora acumulada na execución das obras de reparación do muro entre as rúas París e Luxemburgo en Fontiñas, dando audiencia á empresa contratista CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL por un prazo de quince días hábiles, con carácter previo á imposición, no seu caso, das penalidades que procedan, para o que se aplicará o disposto na cláusula 33 do prego de cláusulas administrativas particulares.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/16/2020.

Recepción das obras de “Execución do proxecto de reparación do muro entre as rúas París e Luxemburgo en Fontiñas”

Acórdase que se autorice o inicio de trámites para proceder a recepción das obras, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe do arquitecto supervisor municipal de 16 de abril de 2021, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción, logo do estado das obras

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00016788X.

Devolución da fianza pola “Prestación do servizo de cursos de formación no servizo de Extinción de Incendios e Salvamento: Bombeiros de nova incorporación e de promoción interna a sarxento”

Acórdase autorizar a devolución da fianza por importe de 2.275 € (2.250,00 € + 25,00 € ingresos en metálico nº operacións: 320190007336 e 320190007492) para responder do contrato de “Prestación do servizo cursos de formación no servizo de extinción de incendios e salvamento: Bombeiros de nova incorporación e de promoción interna a sarxento”. CON/30/2019.

8. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: Factura 2021/864 Urbaser, S.A..

Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda correspondente ao abono á empresa “Urbaser, S.A.” da cantidade de 663.030,36 euros en concepto de prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria, do mes de febreiro do ano 2021

Acórdase:

1º.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria correspondente ao mes de febreiro do ano 2021.

2º.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de seiscentos sesenta e tres mil trinta euros con trinta e seis céntimos (663.030,36) a favor de

“Urbaser, S.A.”, imputándose 304.264,63 euros á aplicación orzamentaria 021/020/16210/22700 e 358.765,73 euros á aplicación 2021/020/16210/22708 do orzamento vixente.

3º.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

9. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: Factura 2021/478 Urbaser,SA.

Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á convalidación de omisión da función interventora e recoñecemento de débeda correspondente ao abono á empresa “Urbaser, S.A.” da cantidade de 663.030,36 euros en concepto de prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria, do mes de xaneiro do ano 2021

Acórdase:

1º.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria correspondente ao mes de xaneiro do ano 2021.

2º.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de seiscentos sesenta e tres mil trinta euros con trinta e seis céntimos (663.030,36) a favor de “Urbaser, S.A.”, imputándose 304.264,63 euros á aplicación orzamentaria 2021/020/16210/22700 e 358.765,73 euros á aplicación 2021/020/16210/22708 do orzamento vixente.

3º.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

10. UNIDADE DE RÉXIME INTERIOR. Referencia: INFORME INTERVENCIÓN 293/2021.

Convalidación de omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2021/1331 emitida por AUTOS IGLESIAS, S.L. en concepto de alugueiro de vehículos da policía local, marzo de 2021.

Acórdase:

- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación do gasto por importe de OITO MIL SEISCENTOS SESENTA E TRES EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS DE EURO (8.663,60 €), segundo relación contable da factura F/2021/1331 expedida por AUTOS IGLESIAS SL por un importe total de 8.663,60 € en concepto de alugamento de oito vehículos monovolumen para a Policía Local correspondente ao mes de marzo de 2021.

- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

11. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00018122X.

Aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións a asociacións culturais 2021.

Acórdase:

1. Aprobar as Bases da convocatoria de subvencións para asociacións culturais 2021.

2. Autorizar o gasto de 48.500 euros con cargo a aplicación orzamentaria 2021 050 33400 4890100 da área de Cultura pertencente á Concellería de Acción Cultural.

A convocatoria terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2021, sempre e cando as solicitudes cumpran con todas as cláusulas contidas nas bases. As actividades obxecto de subvención

deberán ter como data de celebración as comprendidas entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 24 de outubro de 2021.

As entidades que poden obter subvención son as asociacións culturais inscritas no rexistro municipal de asociacións.

A convocatoria establece que as actividades subvencionables son todas aquelas que teñan un carácter cultural, que se executen dentro do termo municipal de Santiago e que sexan abertas o público. Non poderán ser subvencionables as actividades gastronómicas nin os cursos formativos.

Os gastos elixibles serán aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras, en particular: programación (por exemplo: cachés), persoal, produción, medios técnicos, promoción, publicidade ou gastos xerais. Non poderán ser obxecto de subvención os gastos derivados da adquisicións de bens inventariables nin os que correspondan a actividades ou servizos que non estean directamente relacionados coas actividades subvencionadas.

O importe máximo da subvención para cada actividade será do 80 % do seu orzamento cun límite máximo de 5.000 €.

O período de solicitude será de un mes, contado a partir da data de publicación da convocatoria no BOP da Coruña.

O prazo de xustificación da subvención será o comprendido entre o 1 e o 29 de outubro de 2021.

12. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00021032E.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas

Acórdase tomar coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 7 ao 12 de maio de 2021.

URXENCIAS

13. Aprobación do Plan de seguridade e saúde do proxecto que desenvolve o Obradoiro de Emprego. 0002110E

Apróbase o Plan de Seguridade e Saúde do proxecto de “Xiros dos montes de Compostela”, emitido pola empresa QUADRADO VERDE, S.L.”

14. Dación de contas da inadmisión polo TACGAL do recurso especial en materia de contratación presentado no contrato Subministración de sistemas de seguridade e comunicación do centro de control do parque de bombeiros. 2021/00015265M

Acórdase:

Tomar coñecemento da inadmisión do recurso interposto pola empresa ADTEL SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓN SL, contra o acordo de 23 de marzo de 2021 da mesa de contratación do procedemento de licitación da subministración e instalación de sistemas de seguridade, comunicacións e modernización do centro de control do parque de bombeiros de Santiago de Compostela. Levantada a suspensión automática producida por efecto do artigo 53 LCSP, procederase a requirir de novo ao licitador proposto como adxudicatario para que aporte a documentación xustificativa da súa solvencia técnica e económica e da súa capacidade de obrar e constitúa a correspondente garantía definitiva.

15. Convalidación de gastos por omisión da función interventora relativa á factura expedida por “Trobeiro, S.L.”, en concepto de “Servizo de xestión da Escola Municipal de Música correspondente ao mes de marzo de 2021”. 2021/EDU0028

Acórdase:

- Resolver o expediente de convalidación da omisión da función interventora, referido á factura e relación contable emitida por TROBEIRO, S.L. en concepto do servizo de xestión da Escola Municipal de Música, mes de marzo 2021.
- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DEZANOVEMIL TRESCENTOS EUROS (19.300,00 euros), segundo a factura número de relación contable F/2021/1301
- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

16. Convalidación de gastos por omisión da función interventora relativa á factura expedida por “Servicios y Materiales, S.A. (SERMASA)”, en concepto de “Xestión das Escolas Infantís Municipais de Conxo e Fontiñas, correspondente a mes de marzo de 2021”. 2021/EDU0029.

Acórdase:

- Resolver o expediente de convalidación da omisión da función interventora referido á factura emitida por “Servicios y Materiales, S.A. (SERMASA)”, con data 31/03/2021.
- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 32.398,27 euros, segundo a factura número de relación contable F/2021/1299.
- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.